

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 18 DE MARZO DO 2026.**

ASISTENTES:

<p align="center">Presidente: MARIÑO DE BRICIO VICENTE</p> <p align="center">Membros que asisten:</p> <p>POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA BARREIRO REGO ANA ISABEL PEREZ OUTEIRAL MANUEL EMILIO BRION SANTAMARIA JUANA MARIA PEREZ GOMEZ CARMEN MUÑIZ MUÑIZ ELADIO</p>	<p align="center">Interventor: BAO CASTRO PABLO</p> <p align="center">Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL</p> <p align="center">Membros que non asisten:</p> <p>SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE</p>
--	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 10:00 do día Dezaoito de Marzo do Dous mil vinte e seis, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Extraordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 20 de outubro de 2025, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 12/03/2026

2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202603/224

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 10/03/2026. DECRETO: "EXCLUSIÓN DE OFERTAS ANORMALMENTE BAIXAS E CLASIFICACIÓN DAQUELAS QUE RESULTAN FINALMENTE ADMITIDAS Á LICITACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS DO PROXECTO DE RENOVACIÓN DO PARQUE INFANTIL DA RÚA CASTELAO (POS+2025)"



3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202603/281

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 13/03/2026. DECRETO: "EXCLUSIÓN DE OFERTA E ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO PROFESIONAL DE ASESORAMENTO XURÍDICO EN MATERIA DE ESTRANXEIRÍA PARA O CONCELLO DE RIBEIRA"

4.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202603/282

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 13/03/2026. DECRETO: "PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DENOMINADO "CONTRATO DE SERVIZOS PARA A ORGANIZACIÓN DA FEIRA ARTESANAL E MARIÑEIRA ARTEMAR 2024 CON POSIBILIDADE DE PRÓRROGA PARA OS ANOS 2025, 2026 E 2027"

5.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202603/323

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 16/03/2026. DECRETO: "ADJUDICACIÓN DEL CONTRATO DE EJECUCIÓN DEL PROYECTO DE OBRAS DE "FÁBRICA DE SALAZÓN, DISEÑO Y CONSTRUCCIÓN DE UN MIRADOR-PUNTO INTERPRETACIÓN DEL PAISAJE EN PUNTA CASTRO" (PSTD-PRTR)"

6.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202603/339

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 16/03/2026. DECRETO: "VALORACIÓN DOS SOBRES B DE REFERENCIAS TÉCNICAS E APERTURA DE SOBRES C DE OFERTAS ECONÓMICAS PRESENTADAS Á LICITACIÓN DO CONTRATO ADMINISTRATIVO DE SERVIZOS DE PREVENCIÓN ALLEO NAS SÚAS CATRO ESPECIALIDADES NO CONCELLO DE RIBEIRA"

7.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE ACTIVIDADE – Alicia Silva López

En relación co expediente relativo ao **CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADE** para **FARMACIA** no lugar de **Campos, nº 51, Carreira, Ribeira (Solo Urbano Ordenanza 6.2 Residencial Extensiva Colectiva en Fileira)** e da que é promotora **DNA. ALICIA SILVA LÓPEZ, DNI Nº ***833*** (anterior titular: Ana María Bouzas Tasende, LICENZA ACORDO XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 6 DE MARZO DE 2013)**

EXAMINADA a documentación que lle acompaña,



CONSIDERNADO que de conformidade co establecido na Lei de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia, non é preciso no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a necesidade de obtención de licenza, e en cumprimento do disposto no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade coa normativa vixente, polo que, **visto** o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo secretario xeral da Corporación, de data 05/02/2026, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO: **-INFORMAR FAVORABLEMENTE** sobre a **TOMA DE COÑECEMENTO** do **cambio de titularidade da actividade** para **FARMACIA** (epígrafe IAE 652.1) no lugar de **Campos, nº 51, Carreira, Ribeira (Solo Urbano Ordenanza 6.2 Residencial Extensiva Colectiva en Fileira, en parcela con refª catastral nº 9292922MH9099N0001DM)** e da que é promotora **DNA. ALICIA SILVA LÓPEZ, DNI Nº ***833***** (anterior titular: **Ana María Bouzas Tasende, LICENZA ACORDO XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 6 DE MARZO DE 2013**)

SEGUNDO.- Proceder a rectificación dos rexistros municipais de acordo coa transmisión efectuada, no seu caso, notificándose tanto a transmitente como ao adquirinte a presente resolución.

TERCEIRO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

CUARTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

CUARTO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederáse a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

QUINTO:-Notificalo presente acordo ás entidades interesadas para a súa constancia i efectos oportunos

SEXTO:-Comunicalo presente acordo ós Departamentos Municipais de Urbanismo e Medio Ambiente para a súa constancia.



8.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE ACTIVIDADE – José Manuel Santos Martínez

En relación co expediente relativo ao **CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADE** para **CAFÉ BAR**, no lugar de **Rúa Mendiño, nº 4, Bajo D, Ribeira** (ref catastral: **0718069NH0101N0004XI**), e do que é promotor **JOSÉ MANUEL SANTOS MARTÍNEZ, DNI Nº ***565*****, (anterior titular: **JUAN VENTOSO OUJO, LICENZA, ACORDO XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 13 DE MARZO DE 2014**)

CONSIDERNADO que de conformidade co establecido na Lei de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia, non é preciso no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a necesidade de obtención de licenza, e en cumprimento do disposto no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade coa normativa vixente, polo que, **visto** o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo secretario xeral da Corporación, de data 16/03/2026, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO:-INFORMAR FAVORABLEMENTE sobre a **TOMA DE COÑECEMENTO** do cambio de titularidade da actividade para **CAFÉ BAR**, no lugar de **Rúa Mendiño, nº 4, Bajo D, Ribeira** (ref catastral: **0718069NH0101N0004XI**), e do que é promotor **JOSÉ MANUEL SANTOS MARTÍNEZ, DNI Nº ***565*****, (anterior titular: **JUAN VENTOSO OUJO, LICENZA, ACORDO XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 13 DE MARZO DE 2014**)

SEGUNDO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

TERCEIRO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

CUARTO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.



QUINTO:-Notificalo presente acordo ás entidades interesadas para a súa constancia i efectos oportunos

SEXTO:-Comunicalo presente acordo ós Departamentos Municipais de Urbanismo e Medio Ambiente para a súa constancia.

9.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE ACTIVIDADE – Juan Rial Abeijón

En relación co expediente relativo ao **CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADE** para **CAFÉ BAR**, no lugar de **rúa Sal, nº 5, Ribeira (ref catastral: 0914404NH0101S0001DX)**, e do que é promotor **JUAN RIAL ABEIJÓN, DNI Nº ***251*****, (anterior titular: **JAVIER ROMERO GONZÁLEZ, LICENZA, ACORDO XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 6 DE MARZO DE 2013**)

EXAMINADA a documentación que lle acompaña,

CONSIDERANDO que de conformidade co establecido na Lei de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia, non é preciso no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a necesidade de obtención de licenza, e en cumprimento do disposto no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade coa normativa vixente, polo que, **visto** o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo secretario xeral da Corporación, de data 16/03/2026, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO:-INFORMAR FAVORABLEMENTE sobre a **TOMA DE COÑECEMENTO** do **cambio de titularidade da actividade** para **CAFÉ BAR**, no lugar de **rúa Sal, nº 5, Ribeira (ref catastral: 0914404NH0101S0001DX)**, e do que é promotor **JUAN RIAL ABEIJÓN, DNI Nº ***251*****, (anterior titular: **JAVIER ROMERO GONZÁLEZ, LICENZA, ACORDO XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 6 DE MARZO DE 2013**)

SEGUNDO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

TERCEIRO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e



habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

CUARTO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederáse a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

QUINTO:-Notificalo presente acordo ás entidades interesadas para a súa constancia i efectos oportunos

SEXTO:-Comunicalo presente acordo ós Departamentos Municipais de Urbanismo e Medio Ambiente para a súa constancia.

10.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE ACTIVIDADE – José Ángel Rodríguez Ageitos

En relación co expediente relativo ao **CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADE** para **CAFÉ BAR O CARBALLOSO**, (epígrafe I.A.E. 673.2), no lugar de **Avenida do Malecón, nº 58, Ribeira** (ref catastral: **0721011NH0102S5001DY**), e do que é promotor **JOSÉ ÁNGEL RODRÍGUEZ AGEITOS**, DNI Nº *****534*****, (anterior titular: **Elisa Pueyo Martínez**, **LICENZA, DECRETO DE ALCALDÍA O DÍA 6 DE MARZO DE 2007**)

EXAMINADA a documentación que lle acompaña,

CONSIDERANDO que de conformidade co establecido na Lei de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia, non é preciso no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a necesidade de obtención de licenza, e en cumprimento do disposto no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade coa normativa vixente, polo que, **visto** o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 27/01/2026, co visto e prace do Secretario Xeral da Corporación, de data 29/01/2026, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO:-INFORMAR FAVORABLEMENTE sobre a **TOMA DE COÑECEMENTO** do cambio de titularidade da actividade para **CAFÉ BAR O CARBALLOSO**, (epígrafe I.A.E. 673.2), no lugar de **Avenida do Malecón, nº 58, Ribeira** (ref catastral: **0721011NH0102S5001DY**), e do que é promotor **JOSÉ ÁNGEL RODRÍGUEZ AGEITOS**, DNI Nº *****534*****, (anterior titular: **Elisa Pueyo Martínez**, **LICENZA, DECRETO DE ALCALDÍA O DÍA 6 DE MARZO DE 2007**)

SEGUNDO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.



TERCEIRO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

CUARTO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

QUINTO:-Notificalo presente acordo ás entidades interesadas para a súa constancia i efectos oportunos

SEXTO:-Comunicalo presente acordo ós Departamentos Municipais de Urbanismo e Medio Ambiente para a súa constancia.

11.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

5166 05.03.2026 MARÍA JESÚS OTERO SOBRIDO, reforma de baño adosado a vivenda, no lugar de Teixoeira, 27, Artes. (2026 COMU000061)

12.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – María Beatriz Brión Mos

Visto o escrito presentado por **María Beatriz Brión Mos**, de data 12/03/2026 (Rexistro de entrada nº 5.894), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 001401100MH91B0001DG, neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 12/03/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que



-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 001401100MH91B0001DG, neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración dende os últimos seis anos.

13.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Samuel Pérez Parada

Visto o escrito presentado por **Samuel Pérez Parada**, de data 10/03/2026 (Registro de entrada nº 5.643), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A022000300000KG, neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 12/03/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A022000300000KG, neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración dende os últimos seis anos.

14.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN INFORMADAS FAVORABLEMENTE

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das comunicacións previas de primeira ocupación que contan coa documentación completa e informadas favorablemente polo/a técnico municipal, segundo a seguinte relación:

29776 12.12.2025 JOSEFA ENCARNA VICENTE GONZÁLEZ, comunicación previa de primeira ocupación de construción de vivenda unifamiliar illada, no lugar de Fafián, nº 16, Ribeira.

15.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D. FABIÁN URRACA SAN SEGUNDO, POLOS DANOS SUFRIDOS NO VEHÍCULO DA SÚA PROPIEDAD Ó CAERLLE ENRIBA UNHAS VALLAS. EXPEDIENTE 2025 RESP000035.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D. FABIÁN URRACA SAN SEGUNDO**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 06/08/2025 co número 18894, D. Fabián Urraca San Segundo promove reclamación de responsabilidade patrimonial



ante o Concello de Ribeira polos danos sufridos na data 05/08/2025 no vehículo da súa propiedade, como consecuencia dunhas vallas que caeron pola acción do vento cando o vehículo estaba estacionado nun aparcadoiro público.

Segundo.- Por Decreto da Alcaldía de data 21/11/2025, resolvese admitir a trámite a reclamación presentada e entender iniciado o procedemento para determinar a responsabilidade patrimonial en que presuntamente incorreu o Concello de Ribeira. Así mesmo, comunícase ó/á interesado/a que a súa solicitude non reúne os requisitos esixidos nos artigos 32 da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e 67.2 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, xa que non acredita a titularidade do vehículo que resultou danado, nin especifica a avaliación económica da responsabilidade patrimonial que reclama, polo que se lle require para que no prazo de dez días hábiles contados desde o día seguinte ao da práctica da notificación, emende a falta dos referidos requisitos, coa advertencia de que si así non o fixera teráselle por desistido/a da súa petición.

Terceiro.- Consta no expediente acuse de recibo de que a notificación foi practicada ó interesado na data 05/12/2025.

Cuarto.- Á data da sinatura desta proposta de resolución, non consta no expediente que por parte do/a reclamante se procedera á emenda do/s referido/s requisito/s.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias da Alcaldesa na Xunta de Goberno Local asinado na data 20/10/2025.

SEGUNDO.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

TERCEIRO.-

O artigo 68.1 da Lei 39/2015 dispón que: *“Si la solicitud de iniciación no reúne los requisitos que señala el artículo 66, y, en su caso, los que señala el artículo 67 u otros exigidos por la legislación específica aplicable, se requerirá al interesado para que, en un plazo de diez días, subsane la falta o acompañe los documentos preceptivos, con indicación de que, si así no lo hiciera, se le tendrá por desistido de su petición, previa resolución que deberá ser dictada en los términos previstos en el artículo 21.”*

CUARTO.-

No caso que nos ocupa, o requirimento de emenda da solicitude foi realizado e notificado ó/á interesado/a, coa indicación esixida no artigo 68.1 antes mencionado, sen que ata o de agora, e pasados os dez días de prazo para emendar, se produciuse a emenda requirida.

QUINTO.-



FIRMANTE - FECHA



O artigo 21 da Lei 39/2015, di que no caso de desistimento da solicitude, a resolución consistirá na declaración da circunstancia que concorre, con indicación dos feitos producidos e as normas aplicables.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 13/03/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Ter por desistido/a da súa petición de reclamación de responsabilidade patrimonial a D. Fabián Urraca San Segundo, formulada mediante escrito rexistrado de entrada na data 06/08/2025, co número 18894, e **declarar concluso o devandito procedemento, ao non producirse a súa emenda no prazo outorgado, tal e como se lle requiriu mediante Decreto da Alcaldía de data 21/11/2025, notificado na data 05/12/2025**. Todo elo, de conformidade cos artigos 21 e 68.1 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

16.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D. JOSÉ VENTURA PAZ PARADA, POLOS DANOS SUFRIDOS Ó TROPEZAR CUN OBXECTO DE FERRO EXISTENTE NA VÍA PÚBLICA. EXPEDIENTE 2025 RESP000037.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D. JOSÉ VENTURA PAZ PARADA**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 18/08/2025 co número 19596, D. José Ventura Paz Parada promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polos danos sufridos na data 01/07/2025 cando camiñaba por diante do auditorio e tropezou cun obxecto de ferro existente na vía pública.

Segundo.- Por Decreto da Alcaldía de data 20/11/2025, resolvese admitir a trámite a reclamación presentada e entender iniciado o procedemento para determinar a responsabilidade patrimonial en que presuntamente incorreu o Concello de Ribeira. Así mesmo, comunícase ó/á interesado/a que a súa solicitude non reúne os requisitos esixidos nos artigos 32 da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e 67.2 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, xa que non especifica a avaliación económica da responsabilidade patrimonial que reclama, polo que se lle require para que no prazo de dez días hábiles contados desde o día seguinte ao da práctica da notificación, emende a falta do referido requisito, coa advertencia de que si así non o fixera teráselle por desistido/a da súa petición.

Terceiro.- Consta no expediente acuse de recibo de que a notificación foi practicada ó interesado na data 28/11/2025.

Cuarto.- Á data da sinatura desta proposta de resolución, non consta no expediente que por parte do/a reclamante se procedera á emenda do/s referido/s requisito/s.



FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias da Alcaldesa na Xunta de Goberno Local asinado na data 20/10/2025.

SEGUNDO.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

TERCEIRO.-

O artigo 68.1 da Lei 39/2015 dispón que: *“Si la solicitud de iniciación no reúne los requisitos que señala el artículo 66, y, en su caso, los que señala el artículo 67 u otros exigidos por la legislación específica aplicable, se requerirá al interesado para que, en un plazo de diez días, subsane la falta o acompañe los documentos preceptivos, con indicación de que, si así no lo hiciera, se le tendrá por desistido de su petición, previa resolución que deberá ser dictada en los términos previstos en el artículo 21.”*

CUARTO.-

No caso que nos ocupa, o requirimento de emenda da solicitude foi realizado e notificado ó/á interesado/a, coa indicación esixida no artigo 68.1 antes mencionado, sen que ata o de agora, e pasados os dez días de prazo para emendar, se produciuse a emenda requirida.

QUINTO.-

O artigo 21 da Lei 39/2015, di que no caso de desistimento da solicitude, a resolución consistirá na declaración da circunstancia que concorre, con indicación dos feitos producidos e as normas aplicables.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 13/03/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Ter por desistido/a da súa petición de reclamación de responsabilidade patrimonial a D. José Ventura Paz Parada, formulada mediante escrito rexistrado de entrada na data 18/08/2025, co número 19596, e declarar concluso o devandito procedemento, ao non producirse a súa emenda no prazo outorgado, tal e como se lle requiriu mediante Decreto da Alcaldía de data 20/11/2025, notificado na data 28/11/2025. Todo elo, de conformidade cos artigos 21 e 68.1 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



FIRMANTE - FECHA



17.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D^a SONIA RODRÍGUEZ SANLÉS, POLOS DANOS SUFRIDOS NUNS PORTAIS DA SÚA PROPIEDAD, POR MOR DAS LABORES DE ROZA DOS/AS OPERARIOS/AS MUNICIPAIS. EXPEDIENTE 2025 RESP00023.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D^a SONIA RODRÍGUEZ SANLÉS**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 06 de xuño de 2025, os/as operarios/as municipais estaban realizando labores de roza polo lugar de Filgueira, parroquia de Carreira, cando D^a Sonia Rodríguez Sanlés advertiu danos nos portais da súa propiedade, situados no número 39 do citado lugar de Filgueira, que puideran ser ocasionados polas labores que se estaban a realizar por parte do servizo municipal de xardinería.

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 03/07/2025, co número 16413, D^a Sonia Rodríguez Sanlés, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira demandando o abono da reparación dos danos ocasionados, consistentes na reparación e lacado dos portais, que cuantifica na contía total de 550,55 €.

Co seu escrito achega a seguinte documentación: orzamento de reparación dos portais expedido por “Cerrajería Vila” na data 01/07/2025 e tres fotografías dos portais danados.

Posteriormente, mediante escrito rexistrado de entrada na data 13/11/2025 co número 27320, achega a escritura de compravenda autorizada na data 14/08/2023 polo Notario, D. Gonzalo Díaz Quinteiro, co número 260 de protocolo, coa que acredita a titularidade dos bens danados.

Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el:

- Informe emitido na data 17/12/2025 pola Policía local do Concello de Ribeira.
- Informe emitido na data 15/01/2026 polo capataz de xardíns do Concello de Ribeira.
- Declaración de non ter percibido indemnización algunha por parte da entidade aseguradora, rexistrada de entrada na data 09/01/2026 co número 540.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que non consta a presentación de alegacións por parte dos/as interesados/as.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 20/10/2025.



Segundo.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Terceiro.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao Índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para lograla reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.



Cuarto.-

En referencia agora ó presente caso, **a reclamante formula a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo de un ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico.

Así mesmo, **ten lexitimación activa suficiente para presentar a súa reclamación** ao ser a titular dos bens que resultaron danados.

Por outra banda **a lexitimación pasiva corresponde ao Concello de Ribeira**, que ten competencia propia en materia de parques e xardíns públicos, de conformidade co artigo 25.2 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade dos danos sufridos nos portais propiedade da Sra. Rodríguez Sanlés. Así se deduce do orzamento realizado por *“Cerrajería Vila”* que achega a reclamante.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, **cómpre facer estimación da existencia de nexo de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e os danos producidos, por canto a reclamante conecta os mesmos ao deficiente funcionamento do servizo municipal de xardinería.**

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

- **A Policía Local non tivo constancia do sucedido.** Así o dispón no informe emitido na data 17/12/2025.
- **O capataz do servizo municipal de xardinería en informe emitido na data 15/01/2026 dispón que non ten coñecemento dos danos ocasionados, sen ter nada mais que engadir ó respecto.**

A este respecto, é preciso recordar que a carga da proba da existencia dun dano avaliable economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público corresponde certamente ó/a reclamante, e a dos feitos impositivos da pretensión (forza maior, culpa do/a prexudicado/a etc...) á Administración (artigo 1214 CC). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade e, na súa consecuencia está atada e interesada *“de oficio”* no esclarecemento da verdade material, o que supón desprenderse de calquera actitude pasiva que impida o cabal coñecemento dos feitos polos que poida atender ou rexeitar, nun acto motivado, as pretensións dos particulares. Por iso, os actos de instrución para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos realizaranse de oficio e, no noso ámbito, o procedemento impulsará de oficio en *“tódolos seus trámites.”*

Neste sentido postúrase a xurisprudencia do Tribunal Supremo, que, con carácter xeral, acolle o principio de que a carga da proba da existencia dos danos e da relación de causalidade co servizo público corresponderá á parte actora.

O Tribunal Supremo, consciente das dificultades probatorias que se presentan neste tipo de reclamacións, lembra que toda actividade probatoria, consiste en ser un medio de acreditación dos feitos para levar ó Tribunal á convicción da súa existencia e comporta unha actividade de reconstrución histórica, pois refírese a acontecementos xa ocorridos. Non pode esixirse que esta reconstrución sexa real e actual en termos absolutos, senón que ten



que levarse a cabo ás veces mediante as referencias que poidan considerarse aceptables de conformidade cós principios que subministra a sa crítica (por todas, sentenza de 21/09/1998).

Pois ben, **do exame da proba practicada no presente expediente con base nos parámetros anteditos, colíxese que non resulta xustificado de xeito suficiente o vínculo causal.**

Efectivamente **a reclamante non presenta proba ningunha que acredite que os danos nos portais da súa propiedade foran ocasionados polo servizo municipal de xardinería.**

Pola contra **a proba practicada de oficio**, especialmente o informe do capataz do servizo de xardinería que ten carácter preceptivo de conformidade co disposto no artigo 81.1 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, **pon de manifesto a inexistencia de calquera aviso á policía ou ó servizo de xardinería dos danos supostamente ocasionados polo servizo público.**

En definitiva, **o exame conxunto da proba practicada non permite formar convicción sobre a veracidade dos feitos, que, daquela, non resultan suficientemente probados, polo que o procedente é desestima-la reclamación presentada.**

Por todo o exposto, visto o informe xurídico emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 13/03/2026, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D^a SONIA RODRÍGUEZ SANLÉS, polos motivos e fundamentos antes expostos.

18.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D. FERNANDO GONZÁLEZ RIVEIRO E D^a SILVIA MILLÁN SUÁREZ, POLOS DANOS SUFRIDOS NO VEHÍCULO MATRÍCULA E6121BFB, POR MOR DAS LABORES DE ROZA DOS/AS OPERARIOS/AS MUNICIPAIS. EXPEDIENTE 2025 RESP000041.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D. FERNANDO GONZÁLEZ RIVEIRO e D^a SILVIA MILLÁN SUÁREZ**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 21 de agosto de 2025, o vehículo con placas de matrícula E6121BFB, estaba estacionado nunha finca situada na Rúa das Brañas, parroquia de Aguiño, cando, de súpeto, bateu contra o mesmo unha pedra que saíu despedida das máquinas que estaban a utilizar os operarios/as municipais nas súas labores de roza.

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 28/08/2025, co número 20388, D^a Silvia Millán Suárez, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira demandando o abono da reparación dos danos ocasionados, consistentes na reparación do cristal da parte traseira do vehículo.

Co seu escrito achega tres fotografías do vehículo que resultou danado.



Posteriormente, mediante escrito rexistrado de entrada na data 02/09/2025 co número 20.802, D. Fernando González Riveiro, reitera a reclamación presentada pola súa dona, a Sra. Millán Suárez, e achega copia da factura de reparación do vehículo expedida na data 29/08/2025 por "Auto Vidrio Plus, S.L.", pola contía total e 802,84 euros.

A requirimento desta Administración, mediante escrito rexistrado de entrada na data 17/12/2025 co número 11.122, D^a Silvia Millán Suárez achega copia do permiso de circulación do vehículo con placas de matrícula E6121BFB, cuxo titular é o Sr. González Riveiro. Así mesmo, achega copia de escritura de poder xeral outorgada polo Sr. González Riveiro ó seu favor, autorizada na data 02/06/2023 polo Notario D. Gonzalo Díaz Quinteiro, e co número 99 de protocolo.

Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el:

- Informe emitido na data 18/12/2025 pola Policía local do Concello de Ribeira.
- Informe emitido na data 15/01/2026 polo capataz de xardíns do Concello de Ribeira.
- Escrito presentado pola reclamante, rexistrado de entrada na data 30/12/2025 co número 202530799, en relación á declaración de non indemnización solicitada no período de proba.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que non consta a presentación de alegacións por parte dos/as interesados/as.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 20/10/2025.

Segundo.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Terceiro.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei.



Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao Índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para lograla reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

Cuarto.-

En referencia agora ó presente caso, **os reclamantes formulan a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo de un ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico.

Así mesmo, **teñen lexitimación activa suficiente para presentar a súa reclamación:** o Sr. González Riveiro por ser o titular do vehículo danado; e a Sra. Millán Suárez, por actuar en nome do seu esposo e acreditar debidamente a representación coa que actúa, segundo consta no expediente administrativo.

Por outra banda **a lexitimación pasiva corresponde ao Concello de Ribeira**, que ten competencia propia en materia de parques e xardíns públicos, de conformidade co artigo 25.2 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade dos danos sufridos no vehículo con placas de matrícula E6121BFB, propiedade do Sr. González Riveiro. Así se deduce da factura de reparación daquel que achegan os reclamantes.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, **cómpre facer estimación da existencia de nexo de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e os danos producidos, por canto os reclamantes conectan os mesmos ao deficiente funcionamento do servizo municipal de xardinería.**

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

- **A Policía Local non tivo constancia do sucedido.** Así o dispón no informe emitido na data 18/12/2025: *“Consultado los archivos policiales a través del Swal, en el resumen de llamadas y partes del día 21/08/2025 no tenemos constancia de ninguna intervención relacionada con daños en vehículos por las labores de desbroce.”*
- **O capataz do servizo municipal de xardinería en informe emitido na data 15/01/2026 dispón que:** *“El día 21 de agosto de 2025, los operarios de desbroce*



estuvieron realizando labores de este tipo en la Rúa das Brañas, de este término municipal, terminando la jornada sin apreciar daños en ningún vehículo. El día después de la citada jornada, se presentó en la nave municipal de mantenimiento del Concello el dueño de un vehículo (en este caso un tractor) reclamando daños en una luna de éste. Se informa de estos hechos a los operarios que estuvieron trabajando ese día en dicha zona y afirman que ellos no vieron ningún daño, no pudiendo afirmar ni negar esos daños. Los operarios siempre que cometen algún tipo de daño conocido, llaman a la Policía Local para dar parte y abrir un atestado. No podemos asegurar que los daños fueran producidos por operarios municipales.

A este respecto, é preciso recordar que a carga da proba da existencia dun dano avaliable economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público corresponde certamente ó/á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión (forza maior, culpa do/a prexudicado/a etc...) á Administración (artigo 1214 CC). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade e, na súa consecuencia está atada e interesada “de oficio” no esclarecemento da verdade material, o que supón desprenderse de calquera actitude pasiva que impida o cabal coñecemento dos feitos polos que poida atender ou rexeitar, nun acto motivado, as pretensións dos particulares. Por iso, os actos de instrución para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos realizáranse de oficio e, no noso ámbito, o procedemento impulsará de oficio en “tódolos seus trámites.”

Neste sentido postúrase a xurisprudencia do Tribunal Supremo, que, con carácter xeral, acolle o principio de que a carga da proba da existencia dos danos e da relación de causalidade co servizo público corresponderá á parte actora.

O Tribunal Supremo, consciente das dificultades probatorias que se presentan neste tipo de reclamacións, lembra que toda actividade probatoria, consiste en ser un medio de acreditación dos feitos para levar ó Tribunal á convicción da súa existencia e comporta unha actividade de reconstrución histórica, pois refírese a acontecementos xa ocorridos. Non pode esixirse que esta reconstrución sexa real e actual en termos absolutos, senón que ten que levarse a cabo ás veces mediante as referencias que poidan considerarse aceptables de conformidade cós principios que subministra a sa crítica (por todas, sentenza de 21/09/1998).

Pois ben, do exame da proba practicada no presente expediente con base nos parámetros anteditos, colíxese que non resulta xustifico de xeito suficiente o vínculo causal.

Efectivamente os reclamantes non presentan proba ningunha que acredite que os danos no vehículo propiedade do Sr. González Riveiro foran ocasionados polo servizo municipal de xardinería.

Pola contra a **proba practicada de oficio**, especialmente o informe do capataz do servizo de xardinería que ten carácter preceptivo de conformidade co disposto no artigo 81.1 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, **pon de manifesto a existencia dun aviso ó seu servizo dos danos supostamente ocasionados polo mesmo, ó día seguinte de sucederen os feitos, sen que os operarios que traballaron ese día poidan confirmar que as cousas sucederon tal e como afirman os reclamantes, pois remataron a súa xornada de traballo sen apreciar danos en ningún vehículo.**

En definitiva, **o exame conxunto da proba practicada non permite formar convicción sobre a veracidade dos feitos, que, daquela, non resultan suficientemente probados, polo que o procedente é desestima-la reclamación presentada.**

Por todo o exposto, visto o informe xurídico emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 13/03/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda:**



Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D. FERNANDO GONZÁLEZ RIVEIRO e D^a SILVIA MILLÁN SUÁREZ, polos motivos e fundamentos antes expostos.

19.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN AO CLUB DEPORTIVO NATURAL SPORT VIDELGI RIVEIRA PARA A CELEBRACIÓN DUNHA ANDAINA SOLIDARIA

LOGO DE VER que D. José Francisco Agrelo Lema, en representación do Club Deportivo Natural Sport Videlgi, presenta escrito de datas 03-03-2026, con número de rexistro de entrada municipal 4967, solicitando:

“SOLICITUDE PARA A REALIZACION DUNHA ANDAINA SOLIDADIRA O DIA 29 DE MARZO A PARTIRES DAS 8:30 DA MAÑAN ATA O MEDIO DIA, SOLICITASE A RESERVA DE APARCAMENTO E VALIZAR A ZONA DA EXPLANADA DE TEIRA PARA A REALIZACION DA ACTIVIDADE. FALADO CON VICTOR REIRIZ, CONCELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE, TAMEN A SOLICITUDE DUNHA PEQUENA AXUDA ECONOMICA APRA A REALIZACION DA ACTIVIDADE.”

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Segundo a lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; no título II O Municipio; capítulo III Competencias; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: *“Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.”*
- Segundo a lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia; no seu título II Das competencias das Administracións Públicas Galegas en Materia de Deporte, artigo 8. Os municipios, apartado 7 di:

“Autorizar, consonte os requisitos xerais, a realización de actividades deportivas fóra das instalacións deportivas e en patrimonio público municipal”.

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal, de data 11-03-26, e a proposta do concelleiro de deportes, de data 11-03-26, favorables á mesma con condicionantes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **acordo**:

Conceder autorización ao Club Deportivo Natural Sport Videlgi Riveira para celebrar unha “Andaina Solidaria”, cos seguintes condicionantes:

- Esta autorización concédese para o **29 de marzo de 2026** de 08.30. a 16.00h.. **Non exime de outras que poidan ser necesarias a nivel público ou privado.**
- Os organizadores deberán ter en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade.
- **Dar traslado ao GAEM e á Policía Local de Ribeira da celebración do evento** (a colaboración destes corpos no desenvolvemento da proba será acordada en reunión cos organizadores da actividade).
- **Autorizar a reserva de aparcamento e balizar a zona da explanada de Teira para a realización da actividade** (o aparcamento a reservar e a zona a balizar da praza de Teira será determinada polo Xefe da Policía Local de Ribeira logo de reunirse cos organizadores do evento).



- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.

20.- USO TEMPORAL DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS ADSCRITAS Á ÁREA DE CULTURA - Asociación Cultural Os Liantes

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 11/03/2026, relativa á autorización de uso temporal de instalacións municipais adscritas á Área de Cultura, na que expón:

“Recíbese solicitude de Pablo Silva Torrado, en nome da Asociación Cultural Os Liantes, sede electrónica entrada xeral 2026 3379 de 12/02/2026 interesado en:

*Celebrar un Serán tradicional coas agrupacións e asociacións tradicionais do concello e comarca o vindeiro 28 de marzo, aberto a todo ó público para o que solicita a cesión da Carpa de Usos Múltiples Municipal (Espazo Municipal de Usos Múltiples).
Manifesta que dadas as características do evento e as necesidades acústicas, por ter lugar distintas actuacións instrumentais e de voz, solicita colaboración para afrontar servizo de montaxe do escenario e equipamento de son.*

Consultados os organizadores do evento, argumentan:

- *Que precisan a dispoñibilidade do Espazo Municipal de Usos Múltiples, desde o 25 de marzo de 2026 para facer preparativos de montaxe de equipos de produción.*
- *A duración do evento será desde ás 19.30 horas do 28 de marzo de 2026 ás 00.30 horas aprox. do día seguinte.*
- *Que precisan o domingo 29 de marzo de 2026 para realizar desmontaxe e retirada dos elementos de produción e outros enseres.*

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- 1. Segundo a lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia que establecen competencias propias dos municipios en materia cultural.*
- 2. A Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.*
- 3. Decreto 50/1989, de 9 de marzo, Regulamento para a execución da Lei do patrimonio da Comunidade Autónoma Galega, que permite analoxicamente a utilización temporal de bens, levando implícita a cláusula de precariedade e podendo revogarse en calquera momento pola Administración, sen que o/a interesado/a teña dereito a indemnización algunha.*
- 4. Decreto 131/2025, de 22 de decembro de 2025 polo que se declaran ben de interese cultural do patrimonio inmaterial a música e baile tradicional de Galicia.*

Considerando que o motivo deste uso temporal é a celebración de actos de interese cultural e social, promovido e organizado por entidades que carecen de ánimo de lucro e son abertos á cidadanía.”



FIRMANTE - FECHA



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar á Asociación Cultural Os Liantes, e en precario, o Uso Temporal do Espazo Municipal de Usos Múltiples (Carpa) para celebrar o Serán Tradicional coas agrupacións e asociacións de Ribeira e da Comarca ó 28 de marzo de 2026 en horario de 19.30 a 00.30 h do día seguinte.
- Poderán dispor desta instalación desde o día 25 ao 29 de marzo de 2026 para organizar esta actividade.
- Atender as necesidades técnicas segundo os recursos municipais.
- Na difusión e publicidade do acto deberá inserir o logo identificativo do Concello de Ribeira que lle facemos chegar ao correo electrónico indicado na solicitude. Poderá remitir esta publicidade, cartelería dixital, ao enderezo culturaefestexos@ribeira.gal.
- Esta autorización terá efectos dende ás 00.00 h do 25 de marzo de 2026 ata ás 24.00 h do 29 de marzo de 2026.
- Notificar o acordo ao interesado xunto coas Condicións de Uso que se indican.

“CONDICIÓN DE USO”

- 1 As condicións de uso estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso a entidade solicitante subscribirá unha póliza de seguro para cubrir tanto responsabilidade civil como os posibles accidentes, así como calquera outra que se poida derivar dos danos ocasionados polo uso da instalación (*Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia* «DOG» núm. 1, de 2 de xaneiro de 2018 e Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se *regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas* «DOG» núm. 13, de 19 de xaneiro de 2019).
- 2 A dispoñibilidade da instalación está condicionada á programación que puidera ter lugar no calendario reservado, motivo polo que se lle comunicará coa antelación suficiente para a boa organización de todos.
- 3 Comprométese o solicitante a deixar a instalación nas mesmas condicións que estaba antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioros que puidieran orixinarse.
- 4 Por motivos de seguridade e prevención de incendios, "non poderá cociñar con fogo" quedando prohibido empregar cociñas de gas, barbacoas ou parrillas, hornillos portátiles e similares.
- 5 En ningún caso poderá destinarse a fins distintos do autorizado.
- 6 Facilitarase á persoa solicitante, as chaves correspondentes para a apertura e peche desta instalación municipal, quen será responsable da súa custodia e devolución nas oficinas municipais no Centro Cultural Lustres Rivas de Ribeira unha vez expirado o período antedito. O solicitante da utilización responderá da devolución da chave e se absterá de realizar reproducións da mesma, salvo que a concellería correspondente así o autorice.
- 7 Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, dereitos de propiedade intelectual (SGAE, AIE, AGEDI), adornos e outros).
- 8 Respetar o aforo da instalación (límite 400 persoas de pé e 300 persoas sentadas).



Na aceptación destas condicións e medidas, **deberá achegar asinada unha Declaración de Responsabilidade que poderá entregar nas oficinas municipais de cultura, presencialmente ou a través do enderezo electrónico deste departamento culturaefestexos@ribeira.gal.**

21.- USO TEMPORAL DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS ADSCRITAS Á ÁREA DE CULTURA - Asociación Veciñal, Cultural e Prestadora de Servizos á Mocidade de Carreira

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 12/03/2026, relativa á autorización de uso temporal de instalacións municipais adscritas á Área de Cultura, na que expón:

“Recíbese solicitude de María Ventura Sampedro Rego, en nome da Asociación Veciñal, Cultural e Prestadora de Servizos á Mocidade de Carreira, sede electrónica número 2026 5831 de data 11/03/2026, interesando dispor do Centro Social-Cultural de Carreira, con motivo de realizar o 2º recital de poesía “Veciños de Carreira” ó 21 de marzo de 20 a 22 horas.

Manifesta que nesta data teñen autorizado a realización doutra actividade que anulan para permitir a celebración do citado recital.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo a lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia que establecen competencias propias dos municipios en materia cultural.
2. A Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
3. Decreto 50/1989, de 9 de marzo, Regulamento para a execución da Lei do patrimonio da Comunidade Autónoma Galega, que permite analoxicamente a utilización temporal de bens, levando implícita a cláusula de precariedade e podendo revogarse en calquera momento pola Administración, sen que o/a interesado/a teña dereito a indemnización algunha.

Considerando que o motivo deste uso temporal, unha instalación municipal adscrita a cultura, é a celebración dun evento cultural que dinamiza o espazo social, fomenta o interese pola literatura, da a coñecer a obra poética e crea un espazo de encontro cultural e de participación cidadana e familiar.

*Consultada a axenda de reservas da instalación obxecto desta proposta, e á instancia da propia entidade que cancela a sesión de baile nesta data e horario, **emítase INFORME Favorable de Uso Temporal do Centro Social-Cultural de Carreira para a celebración do citado evento.***

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- **Autorizar o Uso Temporal do Centro Social-Cultural de Carreira ó 21 de marzo de 2026 de 20.00 a 22.00 horas á Asociación Veciñal, Cultural e Prestadora de Servizos á Mocidade de Carreira para celebrar o 2º recital de poesía “Veciños de Carreira”.**
- **Notificar o acordo á antedita entidade solicitante xunto as condicións de uso que se indican:**

CONDICIÓNS DE USO

1. As condicións de uso estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso a entidade solicitante subscribirá unha



FIRMANTE - FECHA



póliza de seguro para cubrir tanto responsabilidade civil como os posibles accidentes, así como calquera outra que se poida derivar dos danos ocasionados polo uso da instalación (Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia «DOG» núm. 1, de 2 de xaneiro de 2018 e Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas «DOG» núm. 13, de 19 de xaneiro de 2019).

2. A disponibilidad da instalación está condicionada á programación que puidera ter lugar no calendario reservado, motivo polo que se lle comunicará coa antelación suficiente para a boa organización de todos.
3. Comprométese o solicitante a deixar a instalación nas mesmas condicións que estaba antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioros que puidieran orixinarse.
4. En ningún caso poderá destinarse a fins distintos do autorizado.
5. Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, dereitos de propiedade intelectual (SGAE, AIE, AGEDI), adornos e outros).
6. Respetar o aforo da instalación.
7. Queda prohibida a realización de actividades económicas que non se contemplen nos estatutos da asociación ou entidade organizadora, especialmente aquelas consideradas como molestas, insalubres, nocivas ou perigosas.
8. Queda prohibida a venda de alimentos e bebidas. O consumo de alimentos e bebidas poderá ser autorizado excepcionalmente, previa solicitude do organizador e que será responsable de garantir a súa inocuidade e seguridade, cumprindo as respectivas normativas sanitarias.
9. Por motivos de seguridade e prevención de incendios, "non poderá cociñar con fogo" quedando prohibido empregar cociñas de gas, barbacoas ou parrillas, hornillos portátiles e similares.

Na aceptación destas condicións e medidas, deberá achegar asinada unha **Declaración de Responsabilidade** que poderá entregar nas oficinas municipais de cultura, presencialmente ou a través do enderezo electrónico deste departamento: culturaefestexos@ribeira.gal.

22.- ACHEGA CONCEDIDA Á FUNDACIÓN MUSEO DE ARTES DO GRAVADO Á ESTAMPA DIXITAL (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)

Vista a proposta de xustificación documental e pagamento de subvención emitido polo Dinamizador da Sala-Museo Municipal de Ribeira, Miguel Ángel Vidal Lojo, de data 11/03/2026, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 11/03/2026.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital, por importe de 15.500,00 € en concepto de subvención.



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20261763217
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 18/03/2026	JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 18/03/2026	Fecha: 18/03/2026
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 18/03/2026 12:28:54		Hora: 12:28



23.- DEVOLUCIÓN DE FIANZA POR INSTALACIÓN DE TEMPADA EN TERREO DE TITULARIDADE MUNICIPAL – Verónica Elena Nogueira Carrera

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

1. ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local do Concello de Ribeira, en sesión celebrada en data 13 de abril de 2022, aprobou o acordo de adxudicar os postos que se indican a continuación para instalacións de tempada en terreos de titularidade municipal nas tempadas de verán 2022, 2023, 2024 e 2025, nas condicións sinaladas no prego reitor do procedemento e coas obrigas específicas recollidas no artigo 10 do prego:

ADXUDICATARIO/A	POSTO	PREZO OFERTADO
Verónica Elena Nogueira Carrera	Corna	2.100,00 euros/tempada
Roberto Sieira González	Ameixida	1.802,00 euros/tempada
Grupo Bacoga Galicia, S.L.	Coroso 2	1.666,71 euros/tempada
Pablo Pérez Escariz	Coroso 1	1.569,00 euros/tempada
Dino René Vivanco Vilches	Mosqueiros	1.082,61 euros/tempada

Verónica Elena Nogueira Carrera presentou un escrito no Rexistro Xeral deste Concello, de data 16 de xaneiro de 2026 (entrada núm. 1.204), mediante o que solicita a devolución da fianza de 1.000,00 € que depositou ante o Concello de Ribeira ao comezo do período de adxudicación.

Informe emitido polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, de data 11 de marzo de 2026, a raíz de visita de comprobación efectuada polo Axente de Medio Ambiente ao lugar de localización da instalación denominada “Área Recreativa de Modorróns, praia da Corna”, favorable.

Informe de fiscalización previa e limitada emitido polo Interventor do Concello de Ribeira ao respecto da solicitude de devolución, de data 12 de marzo de 2026, favorable.

2. CONSIDERACIÓNS LEGAIS E/OU TÉCNICAS

Establece o artigo 10 do “PREGO DE CONDICIÓNS ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN A ADXUDICACIÓN POLA VÍA DE URXENCIA DE CINCO POSTOS PARA INSTALACIÓNS DE TEMPADA EN TERREOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL NAS TEMPADAS DE VERÁN 2022, 2023, 2024 E 2025”, reitor do procedemento, ao respecto das obrigas dos adxudicatarios, o seguinte: “10º.- *Obrigas dos adxudicatarios.*

Sen prexuízo doutras obrigas que neste prego se establecen, os adxudicatarios teñen as seguintes obrigas:

1) Económicas:



a) Pago do canon de adxudicación mediante domiciliación bancaria no prazo de dez (10) días dende que adquire firmeza a adxudicación do posto.

b) Prestar unha fianza por importe de 250 € por cada tempada, importe total 1.000 €, para responder do levantamento das instalacións á extinción do título, da limpeza e doutros aspectos da instalación e evitar a realización de vertidos ás praias. A tal efecto, a garantía ou fianza estará constituída pola cantidade depositada na Tesourería do Concello. **Para os efectos da devolución desta cantidade, o interesado ten a obriga de solicitala por escrito, e poderá solicitar a devolución da parte proporcional que corresponda ao final de cada tempada, ou ben ao finalizar o prazo de autorización (á finalización da tempada de verán 2025). Xunto coa solicitude de devolución deberá achegar necesariamente un certificado da entidade bancaria da conta onde se vai transferir. (...)**

Consta no expediente que Verónica Elena Nogueira Carrera (**065**), adxudicataria do posto denominado “Área Recreativa de Modorróns, praia da Corna”, presentou no Concello de Ribeira unha fianza en metálico por un importe de 1.000 € segundo Carta de Pago expedida polo departamento de contabilidade deste Concello na data do 1 de abril de 2022, para responder do levantamento das instalacións á extinción do título, da limpeza e doutros aspectos da instalación e evitar a realización de vertidos ás praias.

3. RESOLUCIÓN

Visto o informe técnico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico Municipal de medio Ambiente, Ignacio L. Fernández Veiga, de data 12/03/2026, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Aprobar a devolución solicitada, correspondente ás anualidades 2022, 2023, 2024 e 2025, por un importe total de 1.000,00 €, da garantía definitiva depositada en metálico no Concello de Ribeira por Verónica Elena Nogueira Carrera.

24.- SOLICITUDE CESIÓN DE USO DA AULA DO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DE SAN ROQUE – Programa Integrado de Emprego

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Turismo, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 13/03/2026, relativa á autorización cesión de uso da aula do Centro de Interpretación de San Roque, co fin de realizar as formacións do P.I.E. (Curso de Selvicultura), na que expón:

“Que Estela Saa Villaverde D.N.I. 53183972-Z con motivo da implementación da Formación para o Emprego do Programa Integrado de Emprego (PIE) do Concello de Ribeira solicita a reserva da aula do Centro de Interpretación Arqueolóxica de San Roque para impartir un curso de selvicultura, por isto, solicita ao concello a través do rexistro xeral do Concello na data 11/03/2026 con Nº de rexistro de entrada 20265757, solicitando:

Autorización para levar un “curso de selvicultura” na aula do Centro de Interpretación Arqueolóxica de San Roque os días 13, 14, 15, 16, 17, 20, 21, 22, 23 e 24 de abril de 2026.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar o uso do Centro de Interpretación Arqueolóxica de San Roque para impartir o “curso de selvicultura” os días 13, 14, 15, 16, 17, 20, 21, 22, 23 e 24 de abril de 2026.



- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante.
- O solicitante comprométese a deixar as instalacións e materiais nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego.
- Dar traslado deste acordo ao interesado e para o seu coñecemento.

25.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN EXTERIOR DE LOCAL DE HOSTALERÍA – Paula María Chouza Parada (COCOLUCHE)

A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito presentado por **Paula María Chouza Parada** en representación establecemento “**Cocoluche**” (Ribeira), de data 13/03/2026 (Rexistro de entrada nº 5.978), no que solicita permiso para a celebración de evento musical (Micro Aberto Cocoluche) no exterior (Praza de Teruel) do establecemento hostaleiro “Cocoluche” (Ribeira), o día 23/03/2026, en horario de 20:30 h. a 23:00 h.

26.- APROBACIÓN DAS BASES PARA A INSCRIPCIÓN DOS LOCAIS DE HOSTALERÍA NO PROGRAMA “RÚAS MUSAIS SEMANA SANTA 2026”

Vista a proposta conxunta presentada pola Concelleira Delegada de Turismo, Ana Isabel Barreiro Rego, e o Concelleiro Delegado de Festexos, Fernando Abraldes Pérez, de data 16/03/2026, relativa á aprobación das bases para a inscrición dos locais de hostalería no programa “Rúas Musicais Semana Santa 2026”, na que expoñen:

“As concellerías de Turismo e Festexos queren impulsar durante a Semana Santa unha nova edición do programa Rúas Musicais para colaborar con aqueles locais de hostalería do municipio de Ribeira que estean interesados en organizar algún concerto nos seus establecementos durante os días venres 27 de marzo, sábado 28 de marzo, domingo 29 de marzo, luns 30 de marzo, martes 31 de marzo, mércores 1 de abril, xoves 2 de abril, sábado 4 de abril e domingo 5 de abril. Os concertos poderán ser en sesión vermú, vespertina ou nocturna (ata á 01:00 h como máximo) agás o 2 de abril que deberán rematar ás 20:00 h.

É por isto que se establecen as seguintes bases que regulan as condicións para a inscrición e participación nesta iniciativa:

O concello de Ribeira, a través destas dúas áreas, atenderá ata un máximo de 16 peticións de colaboración por un importe máximo de 500 € (IVE engadido) por concerto. Só se admitirá unha petición por local. En caso de rexistrarse máis peticións que excedan o máximo indicado (16) procederase a aplicar os criterios de prioridade ou a repartir a asignación equitativamente entre todos eles.

Criterios de prioridade:

1. *Locais que nunca programasen un concerto de Rúas Musicais*
2. *Locais que programen con bandas ou artistas do municipio*
3. *Agrupación de locais (2 ou + locais que organicen un concerto común)*
4. *Resto de locais, no caso de exceder o máximo, irán a sorteo.*



Aqueles establecementos hostaleiros interesados en participar nesta convocatoria deberán enviar un correo electrónico a ruasmusicais@ribeira.gal ata o 20 de marzo ás 10:00 h achegando os seguintes datos:

- Nome do establecemento
- Enderezo do establecemento
- Nome do titular do negocio
- Data e hora do concerto
- Nome do grupo que actuaría
- Orzamento do grupo seleccionado

O establecemento será o encargado de elixir o grupo/artista musical así como coordinar co mesmo a súa dispoñibilidade, solicitar orzamento ao grupo escollido, organización do concerto en interior ou exterior, etc.

Correrán por conta do establecemento todos os gastos derivados do concerto excepto o caché e sgae que asumirá o Concello de Ribeira.

Unha vez rematado o prazo a concellería de turismo/festexos informará aos interesados/as se se atende a súa solicitude. O grupo musical será o que facture ao Concello de Ribeira; en ningún caso se admitirán orzamentos a nome do establecemento.

Os concertos deberán ser de acceso gratuito para os asistentes, sen poder cobrar entrada aos mesmos.

Os establecementos terán a obriga de poñer o logo do concello de Ribeira como colaborador na publicidade e difusión que fagan dos seus concertos, tanto física como dixital; tamén deberán colocar durante a actuación musical un rollup facilitado polo Concello que deberán recoller e devolver no Centro Cultural Lustres Rivas.

O Concello de Ribeira realizará difusión pública e comunicación aos medios deste programa co nome dos concertos e locais para coñecemento da cidadanía.

Datos Concello para o orzamento ou factura proforma dos grupos:

Concello de Ribeira

P1507400H

Praza do Concello, s/n, CP 15960, Ribeira, (A Coruña)”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Aprobar** as bases que regulan as condicións para a inscrición e participación no programa.
- **Aprobar** a celebración do programa Rúas Musicais durante a Semana Santa 2026.

27.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN Á ASOCIACIÓN AMIGOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO DO BARBANZA. A ORIXE, PARA PERNOCTAR NOS POLIDEPORTIVOS DE SIRVES E TORRES COLOMER DE PALMEIRA

LOGO DE VER que Dna. María Antonia Treus Romero, en representación da Asociación Amigos do Camiño de Santiago do Barbanza.”A Orixe”, presenta escrito de data 05/03/2026, con número de rexistro de entrada municipal 5.210, solicitando:

“LA PERNOCTA DE ESTE GRUPO LOS DÍAS Y LUGARES QUE A CONTINUACIÓN EXPONGO:28 Y 29 DE MARZO”

- LLEGADA A SIRVES EL DÍA 28 DE MARZO SOBRE LAS 19.00 HORAS Y SALIDA AL DÍA SIGUIENTE SOBRE LAS 8.00 HORAS.



- **LLEGADA AL PABELLÓN TORRES COLOMER – PALMEIRA DÍA 29 SOBRE LAS 14.00 HORAS Y SALIDA AL DÍA SIGUIENTE A LAS 8.00 HORAS.**

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo a lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; no título II O Municipio; capítulo III Competencias; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.”
2. Na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Riveira, establece no artigo 7- Exencións e bonificacións, o seguinte:
“Atendendo o interese social, cultural e formativo, os actos deportivos de carácter afeccionado poderán gozar dunha bonificación de ata o 100% das tarifas”.
3. En caso de acceder ao solicitado, a estancia destes grupos nos polideportivos de Sirve e Torres Colomer de Palmeira, non é incompatible, nin interfere co regular desenvolvemento do resto de actividades programadas.
4. No caso de conceder autorización, terá que haber unha persoa do departamento de deportes dispoñible fora da súa xornada, para recibir e coordinar a estancia dos distintos grupos (horario de tarde noite e fin de semana).

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal, de data 16-03-26, e a proposta de resolución do concelleiro de deportes, de data 16-03-26, favorables á mesma con condicionantes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **acordo**:

Conceder autorización á Asociación Amigos do Camiño de Santiago do Barbanza. A Orixe, cos seguintes condicionantes:

- Esta autorización concédese para os polideportivos de Sirves e Alcalde Torres Colomer de Palmeira nos seguintes días e horarios:
 - 28/03/2026 .Chegada ao polideportivo de **Sirves** aproximadamente ás 19.00 h., saída sobre as 8:00 h. do día seguinte.
 - 29/03/2026 .Chegada ao polideportivo **Alcalde Torres Colomer - Palmeira** aproximadamente ás 14.00 h., saída sobre as 8:00 h. do día seguinte.
- O solicitante, deberá poñerse en contacto cos responsables do departamento de deportes, para coordinar a apertura das instalacións, nos días anteriormente sinalados.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- O solicitante comprométese a deixar as instalacións e materiais nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.
- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.



28.- SOLICITUDE INFORME PARA A CELEBRACIÓN DA “XI EDICIÓN DOS CEN DO BARBANZA”, OS DÍAS 20 E 21 DE XUÑO DE 2026, EVENTO ORGANIZADO POLO CLUB INTERNATIONAL TREKKERS BARBANZA-SAR EN COLABORACIÓN COS 7 CONCELLOS DO BARBANZA

LOGO DE VER que D. Manuel Losada Rubio, en representación da entidade “International Trekkers.”, presenta escrito de data 27-02-2026, con número de rexistro de entrada municipal 4650, argumentando:

“CO MOTIVO DA CELEBRACION DA XI ANDAINA ULTRA OS 100 DO BARBANZA EDICION 2026

EXPON:

Que o vindeiro día 20 e 21 de xuño, se celebrará a once edición Andaina ultra os 100 do Barbanza. SOLICITA:

A tramite do certificado celebrar esta proba lúdicodeportiva, de autorización de Viabilidade o paso polo seu Concello.”

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Segundo a lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; no título II O Municipio; capítulo III Competencias; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: *“Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.”*
- Segundo a lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia; no seu título II Das competencias das Administracións Públicas Galegas en Materia de Deporte, artigo 8. Os municipios, apartado 7 di:
“Autorizar, consonte os requisitos xerais, a realización de actividades deportivas fóra das instalacións deportivas e en patrimonio público municipal”.
- Os organizadores xuntan track da proba, onde se amosa o paso polo concello de Ribeira.
- Ao ser un evento que transcorre por varios concellos, os organizadores deben conseguir informe favorable de cada un deles, para poder tramitar a correspondente autorización a **Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas** a través do procedemento PR477A a presentar na Xefatura Territorial de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia A.P e Xustiza.

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal, de data 16-03-26, e a proposta de resolución do concelleiro de deportes, de data 16-03-26, favorables á mesma con condicionantes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **acordo**:

- Emitir **informe favorable** por parte do Concello de Ribeira, para a celebración da **“XI Edición de Os Cen do Barbanza”**, os días **20 e 21 de xuño de 2026**. Informe necesario para solicitar autorización ante a Xefatura Territorial de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia A.P e Xustiza.
- **Este informe, non exime aos organizadores, da necesidade de conseguir as autorizacións que correspondan de outras entidades, tanto a nivel público coma privado** (outras administracións, comunidades de montes, ...).



- Os organizadores deberán ter en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade.

29.- SOLICITUDE DE CESIÓN CAMPO DA TASCA AO CLUB SD XUVENTÚ AGUIÑO PARA A CELEBRACIÓN DO "XI TORNEO DE FÚTBOL BASE DE AGUIÑO"

LOGO DE VER que D. José Manuel Vilas Álvarez, en representación do club SD Xuventú Aguiño, presenta escrito de data 18-02-2026, con número de rexistro de entrada municipal 3807, argumentando:

"QUE OS DIAS 2 E 3 DE ABRIL (XOVES E VENRES SANTO) A S.D. XUVENTU AGUIÑO TEN PREVISTO ORGANIZAR O XI TORNEO DE FUTBOL BASE DE AGUIÑO. NESTA EDICION ESPERAMOS CONTAR CON 40 EQUIPOS DAS CATEGORIAS BIBERON, PREBENXAMIN, BENXAMIN E ALEVIN (CON IDADES DENDE OS 4 ATA OS 11 ANOS), POLO QUE SOLICITAMOS : A DISPONIBILIDADE DO CAMPO MUNICIPAL DA TASCA DURANTE ESAS DATAS, ASI COMO DUNS 15 METROS LINEAIS DE VALLA E UN POSTO DE PROTECCION CIVIL DURANTE O TORNEO"

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Riveira, establece no artigo 7- Exencións e bonificacións, o seguinte:
"Atendendo o interese social, cultural e formativo, os actos deportivos de carácter afeccionado poderán gozar dunha bonificación de ata o 100% das tarifas".
- Nos días mencionados anteriormente, o departamento de deportes non ten actividades programadas nas instalacións do campo municipal da Tasca.
- O Campo Municipal da Tasca, non ten actividade programada para a data solicitada

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal, de data 16-03-26, e a proposta de resolución do concelleiro de deportes, de data 16-03-26, favorables á mesma con condicionantes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **acordo**:

Autorizar a cesión Campo Municipal da Tasca ao Club Xuventú Aguiño, para a celebración do "XI Torneo de Fútbol Base de Aguiño, cos seguintes condicionantes:

- A autorización será gratuíta**, conforme o artigo 7º.2 da "Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais", o tratarse dunha actividade de carácter social e formativa.
- Esta autorización concédese para **os días 2 e 3 de abril de 2026 ao longo de toda a xornada**.
- Ceder 15 metros lineais de valla**.
- Aportar efectivos de protección civil dispoñibles** (acordaranse os extremos desta colaboración en reunión co xefe desta agrupación).
- O solicitante comprométese a deixar as instalacións nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.



FIRMANTE - FECHA



- Os organizadores deberán ter en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro para cubrir tanto a responsabilidade civil como os posibles accidentes de espectadores e participantes, así como calquera outra que se poida derivar dos danos ocasionados polo uso da instalación.
- Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, asistencia técnica, apertura fora do horario habitual da instalación entre outros).
- En caso de haber calquera incidencia reseñable durante o período de cesión da instalación (accidente, altercado u outros), deberá ser comunicada aos responsables da Oficina de Deportes coa maior brevidade posible.
- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.
- Comunicar a celebración do evento e a posible concentración de persoas á Policía Local de Ribeira.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:30 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20261763217
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 18/03/2026	JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 18/03/2026	Fecha: 18/03/2026
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 18/03/2026 12:28:54		Hora: 12:28

